



CONCELLO DE PARADELA

XXVI

EDICION

Premio Literario

MANUEL
ORESTES
RODRIGUEZ
LOPEZ

de Narrativa e Poesía

"VI EDICIÓN CERTAME LITERARIO MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ" (Manuel Orestes)

Modalidade: Narrativa e Poesía

PRIMEIRA: Establécese un Premio de 100.000 pesetas para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de Poesía e outro de 100.000 pesetas para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de Narrativa.

SEGUNDA: Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo; a obra de poesía terá unha extensión máxima de 100 versos; En ámbolos dous casos escritos a máquina e a dobre espacio. Deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou en castelán.

TERCEIRA: O prazo de entrega dos relatos e da obra poética rematará o trinta de novembro de dous mil. Presentaránse no Rexistro de entrada do Concello de Paradela, por triplicado exemplar, sen sinatura e cun lema. Xuntarase un sobre no que figure o devandito lema e dentro del unha cuartilla co nome, dous apelidos e teléfono do autor, cunha declaración de que o relato ou a obra poética é axustada ás normas contidas na Base segunda. Abriránse sómentes os sobres dos traballos premiados.

No caso de participación en ámbolos dous apartados; Deberase concursar en cada apartado por separado, utilizando un lema propio en cada caso e presentando a obra por separado.

CUARTA: O Xurado designado polo Excmo. Concello de Paradela emitirá o seu fallo e farase público polos medios de comunicación; comunicándose persoalmente ós gañadores. O Xurado pode deixar deserto o premio nun ou nos dous apartados e a súa decisión será inapelable.

QUINTA: As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Excmo. Concello de Paradela, que se reserva o dereito a publicalas.

SEXTA: O autor ou autores premiados convocaranse ó auto de entrega dos premios, o día que establezca o xurado.

SÉTIMA: A resolución de tódalas cuestións que poidan xurdir ou plantexarse nesta convocatoria, é da exclusiva competencia do Excmo. Concello de Paradela e do Xurado.

Paradela, setembro do 2.000



Manuel Orestes Rodríguez López